# PROGRAMACIÓN

## LINGUA ESTRANXEIRA:

## INGLÉS

## 2º PRIMARIA

## CPI “VIRXE DOS REMEDIOS”

**Curso 2023-2024**

## 1. INTRODUCCIÓN

Esta programación vai dirixida ao grupo de 2º curso, que está composto por 4 alumnos, dos cales hai 3 nenos e 1 nena. Esta clase é un grupo mixto formado polos alumnos e alumnas de primeiro e segundo de Primaria.

A área impartirase nun contexto sociocultural medio, no que, en xeral, podemos contar co apoio e cooperación das familias. A área impartirase en lingua inglesa maioritariamente, aínda que tamén se empregará en menor medida a lingua materna do alumnado.

## 2. OBXECTIVOS E COMPETENCIAS CLAVE

Un alumno competente é aquel que sabe utilizar todos os seus coñecementos e habilidades de xeito estratéxico para resolver problemas cotiáns. Este é precisamente o obxectivo da nova lei educativa, a LOMLOE: que os nenos e nenas sexan persoas competentes e preparadas para o mundo real. Para conseguilo, parte do perfil de saída do alumnado e estrutura todo o ensino en función das competencias clave. Estas competencias verifícanse mediante descritores operativos, que nos informan das habilidades e coñecementos que debe acadar o alumno, e conectan coas competencias específicas da área.

Con carácter xeral, debe entenderse que a consecución das competencias e obxectivos fixados na LOMLOE para as distintas etapas educativas está vinculada á adquisición e desenvolvemento das competencias clave incluídas neste Perfil de Saída, que son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia plurilingüe.
- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.
- Competencia dixital.
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender.
- Competencia cidadá.
- Competencia emprendedora.
- Competencia en conciencia e expresión cultural.

No que se refire á relación das competencias cos obxectivos da área de Lingua Estranxeira no segundo curso de Primaria, quedaría da seguinte maneira:

| Currículo | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **OBX1** Comprender o sentido xeral e información específica e predicible de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara e na lingua estándar, facendo uso de diversas estratexias e recorrendo, cando sexa necesario, ao uso de distintos tipos de apoio, para desenvolver o repertorio lingüístico e para responder a necesidades comunicativas cotiás. | 1 ☐ 2 ☑ 3 ☑ 4 ☐ 5 ☐ | 1 ☑ 2 ☑ 3 ☐ | 1 ☑ 2 ☐ 3 ☐ 4 ☐ 5 ☐ | 1 ☑ 2 ☐ 3 ☐ 4 ☐ 5 ☐ | 1 ☐ 2 ☐ 3 ☐ 4 ☐ 5 ☑ | 1 ☐ 2 ☐ 3 ☐ 4 ☐ | 1 ☐ 2 ☐ 3 ☐ | 1 ☐ 2 ☑ 3 ☐ 4 ☐ |
| **OBX2** Producir textos sinxelos de maneira comprensible e estruturada, mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás. | 1 ☑ 2 ☐ 3 ☐ 4 ☐ 5 ☐ | 1 ☑ 2 ☑ 3 ☐ | 1 ☑ 2 ☐ 3 ☐ 4 ☐ 5 ☐ | 1 ☐ 2 ☑ 3 ☐ 4 ☐ 5 ☐ | 1 ☐ 2 ☐ 3 ☐ 4 ☐ 5 ☑ | 1 ☐ 2 ☐ 3 ☐ 4 ☐ | 1 ☑ 2 ☐ 3 ☐ | 1 ☐ 2 ☐ 3 ☐ 4 ☑ |
| **OBX3** Interactuar con outras persoas usando expresións cotiás, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía. | 1 ☐ 2 ☐ 3 ☐ 4 ☐ 5 ☑ | 1 ☑ 2 ☑ 3 ☐ | 1 ☑ 2 ☐ 3 ☐ 4 ☐ 5 ☐ | 1 ☐ 2 ☐ 3 ☐ 4 ☐ 5 ☐ | 1 ☐ 2 ☐ 3 ☑ 4 ☐ 5 ☐ | 1 ☐ 2 ☐ 3 ☑ 4 ☐ | 1 ☑ 2 ☐ 3 ☑ | 1 ☐ 2 ☐ 3 ☐ 4 ☐ |
| **OBX4** Mediar en situacións predicibles, usando estratexias e coñecementos para procesar e transmitir información básica e sinxela, co fin de facilitar a comunicación. | 1 ☐ 2 ☐ 3 ☐ 4 ☐ 5 ☑ | 1 ☑ 2 ☑ 3 ☑ | 1 ☑ 2 ☐ 3 ☐ 4 ☐ 5 ☐ | 1 ☐ 2 ☐ 3 ☐ 4 ☐ 5 ☐ | 1 ☑ 2 ☐ 3 ☑ 4 ☐ 5 ☐ | 1 ☐ 2 ☐ 3 ☐ 4 ☐ | 1 ☐ 2 ☐ 3 ☐ | 1 ☑ 2 ☐ 3 ☐ 4 ☐ |
| **OBX5** Recoñecer e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas. | 1 ☐ 2 ☐ 3 ☐ 4 ☐ 5 ☐ | 1 ☐ 2 ☑ 3 ☐ | 1 ☑ 2 ☐ 3 ☐ 4 ☐ 5 ☐ | 1 ☐ 2 ☑ 3 ☐ 4 ☐ 5 ☐ | 1 ☑ 2 ☐ 3 ☐ 4 ☑ 5 ☑ | 1 ☐ 2 ☐ 3 ☐ 4 ☐ | 1 ☐ 2 ☐ 3 ☑ | 1 ☐ 2 ☐ 3 ☐ 4 ☐ |
| **OBX6** Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e valorando as diferenzas e semellanzas entre linguas e culturas, para aprender a xestionar situacións interculturais. | 1 ☐ 2 ☐ 3 ☐ 4 ☐ 5 ☑ | 1 ☐ 2 ☐ 3 ☑ | 1 ☐ 2 ☐ 3 ☐ 4 ☐ 5 ☐ | 1 ☐ 2 ☐ 3 ☐ 4 ☐ 5 ☐ | 1 ☑ 2 ☐ 3 ☑ 4 ☐ 5 ☐ | 1 ☐ 2 ☑ 3 ☑ 4 ☐ | 1 ☐ 2 ☐ 3 ☐ | 1 ☑ 2 ☐ 3 ☐ 4 ☐ |

## 3. RELACIÓN DE UNIDADES

A continuación establécense as disintas unidades que se levarán ao longo desde curso co alumnado de 2º de Primaria.

| Secuencia | * Título da UD | Descrición | *Nº de sesións 70 | *% Peso na materia 100 | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | A garden party | Durante esta unidade, o alumnado aprenderá varios verbos de uso cotiá así como o verbo "to can". | 11 | 17 | ☑ | ☐ | ☐ |
| 2 | It¿s Halloween! | Aprender vocabulario referido a esta festividade. | 1 | 2 | ☑ | ☐ | ☐ |
| 3 | Let¿s play at my house | Nesta unidade aprenderán algunhas partes da casa e as preposicións, xunto coa forma verbal "to be". | 11 | 16 | ☑ | ☐ | ☐ |
| 4 | It¿s Christmas! | Aprender vocabulario referido a esta festividade. | 1 | 2 | ☑ | ☐ | ☐ |
| 5 | Let¿s go to school | Nesta unidade aprenderán algunhas partes do colexio ademáis da forma verbal "there is/ there are". | 11 | 15 | ☐ | ☑ | ☐ |
| 6 | A day at the farm | Neste tema, os estudantes terán que aprender os animais da granxa e repasar as formas verbais "thereis/are" e "to | 11 | 15 | ☐ | ☑ | ☐ |
| 7 | It¿s Easter! | Aprender vocabulario referido a esta festividade. | 1 | 3 | ☐ | ☑ | ☐ |
| 8 | It¿s my birthday! | Nesata unidade, traballaranse termos de comida e os verbos de preferencia "like/don¿t like". | 12 | 15 | ☐ | ☐ | ☑ |
| 9 | I¿m on holiday | Nesta última unidade traballaremos algunhas prendas de roupa do verán así como o verbo "to be wearing". | 11 | 15 | ☐ | ☐ | ☑ |

## 4. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E RECUPERACIÓN

Os criterios de cualificación serán fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias e os obxectivos fixados.

No primeiro trimestre realizarase unha avaliación inicial que servirá de referencia para o desenvolvemento do currículo. Ao longo do curso valorarase:

- A realización dos exercicios diarios na clase.
- A resposta das preguntas diarias orais da clase.
- A capacidade de traballar en grupo de maneira cooperativa.

Adoptando, desta maneira, os seguintes CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

- Preguntas realizadas na clase: 50%
- Actividades feitas na clase: 50%

Ademáis, a nota ordinaria será o resultado das 3 avaliacións, que terán a seguinte ponderación:

- 1º trimestre: 30%
- 2º trimestre: 35%
- 3º trimestre: 35%

En canto aos criterios de recuperación, nesta etapa porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

Prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.

A intervención educativa debe contemplar como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste modo se garante o desenvolvemento de todos eles á vez que unha atención personalizada en función das necesidades de cada un.

Os mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.